



Concello do Porriño

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 04/12/24

Data final de exposición: 04/02/24

Porriño, o de de

Expediente dixital nº 1261/20242.

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración.

Asunto: RECURSO ALZADA interposto por dona María Esmeralda Blanco Lago.

Unidade xestora: 050 SUBVENCIONS.

**DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).**

**ANTECEDENTES**

PRIMEIRO.- Bases reguladoras do proceso de selección definitivo para a contratación do persoal de dirección, docente e de apoio, a través da modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, modelo 405, a xornada completa e/ou a xornada parcial durante 12 meses, que responde a necesidades urxentes e inaprazables, para o programa de emprego de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "O NOSO ENCONTRO CO EMPREGO" 2024 promovido polo Concello do Porriño.

A base 5ª requisitos específicos mínimos para selección e contratación da Director/a esixe a Titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao.

SEGUNDO.- Acta do Tribunal de data 09-10-24, para realizar a baremación e avaliación dos méritos acreditados polos/as aspirantes admitidos/as ao proceso selectivo - resultado baremación proceso selectivo equipo OE 2024.

Na baremación das directoras acordouse o seguinte:

*"O tribunal acorda que as persoas relacionadas a continuación que figuraban na lista de admitidos/as pasen a condición de excluídas porque non acreditan que cumpren os requisitos esixidos na Base 5ª das bases reguladoras do proceso selectivo (Requisitos específicos mínimos contratacións) Director/a, referida a titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao :*

<b>Apellidos e nome</b>
BLANCO LAGO, MARIA ESMERALDA
(...)

TERCEIRO.- Relación de alegacións - instancias presentadas polas 2 persoas excluídas do proceso selectivo para directora do Programa – Obradoiro de emprego xuvenil 2024:

- Por Dona María Esmeralda Blanco Lago, con data 10-10-2024, número de rexistro 2024-E-RE-6373, ás 14:44 horas.
- Tamén por Dona María Esmeralda Blanco Lago, con data 10-10-2024, número de rexistro 2024-E-RE-6383, ás 18:49 horas.
- (...).

CUARTO.- Acta do tribunal de data 11-10-24, para resolver as alegacións presentadas por 2 persoas contra proceso selectivo directoras equipo Programa – Obradoiro de Emprego 2024:

1

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

**DECRETO**  
Número: 2024-3693 Data: 03/12/2024

Cod. Validación: 6NLYQM8NF96STCM5D27X3QX9P  
Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestora esPublico | Páxina 1 a 5



MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 2)  
Titular do cargo  
Data de Emisión: 03/12/2024  
FAX: 986334050/986330579



Esteban Pereira Fernández (2 para 2)  
Secretaría Xeral  
Data de Emisión: 03/12/2024  
FAX: 986334050/986330579





## Concello do Porriño

O tribunal estuda os escritos presentados por dúas persoas coas alegacións presentadas e acorda o seguinte:

*“Visto os requisitos esixidos na Base 5ª das bases reguladoras do proceso selectivo “(Requisitos específicos mínimos contratacións) Director/a”, no que se esixe titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao.*

*Tomando en consideración as alegacións presentadas polas citadas dúas solicitantes, e tendo en conta os seguintes preceptos legais:*

*1.- Disposición adicional oitava do RD 889/2022, de 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de convalidación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ó nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.*

*2.- O artigo 76 do RD lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

O Tribunal RESOLVE:

- *Desestimar as alegacións presentadas pola interesada Dona Maria Esmeralda Blanco Lago.*
- *(...)”.*

QUINTO.- Relación de recursos – instancias presentados polas 2 persoas excluídas do proceso selectivo para directora do Programa – Obradoiro de emprego xuvenil 2024:

- *“Por Dona Maria Esmeralda Blanco Lago, con data 12-10-2024, número de rexistro 2024-E-RE-6421, ás 23:58 horas.*
- *(...)”.*

SEXTO.- Informe proposta do tribunal

O Tribunal de conformidade co artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas,

Eleva a Alcaldía o seguinte INFORME PROPOSTA:

Vista a documentación presentada pola interesada Dona María Esmeralda Blanco Lago, procede desestimar o recurso polos seguintes motivos:

1.- De conformidade co apartado 5º (Requisitos das persoas aspirantes), que dentro dos requisitos específicos mínimos contratacións (non baremables) contempla *“No caso de equivalencia ou homologación da titulación está deberá xustificarse co certificado expedido*

2

## Concello do Porriño





Concello do Porriño

polo organismo competente para establecelas”, a recorrente non presenta a equivalencia ou homologación da titulación mínima que se exige nas bases.

2.- De conformidade coa disposición adicional cuarta do RD 889/2022, de 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de convalidación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ó nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores, que establece “*el régimen de titulación exigible para el ingreso en las administraciones públicas se regirá, en todo caso, por lo previsto en el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre, y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación*”, cabe sinalar o seguinte:

2.1.- Que a recorrente invoca o Real Decreto 967/2022, que foi derogado polo citado Real Decreto.

2.2.- Que o Real Decreto 889/2022, derogou ao Real Decreto 967/2014 invocado pola recorrente polo que non sería de aplicación ao presente caso no que respecta aos procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de convalidación de ensinanzas universitarias estranxeiras e tampouco no que respecta a correspondencia do niveis Mecés. E si pola contra, sería de aplicación a remisión que fai a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que respecta ao réxime de titulación esixible para o ingreso nas administracións públicas.

3.- De conformidade co artigo 76 do RD legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e coa disposición transitoria terceira deste texto legal, o título que se exige nas bases é o de licenciado ou grao, e a recorrente non acredita documentalmente a posesión de algún dos dous títulos.

(...)

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. FORMA.

1. Como cuestión previa cabe dicir que o escrito, rexistrado de entrada en data 12-10-2024 co número 2024-E-RE-6421, formulado por dona MARÍA ESMERALDA BLANCO LAGO, se ben a propia redactora non o cualifica como Recurso de Alzada, pois indica que sexa admitido o devandito escrito como RECURSO sen especificar que tipo de recurso administrativo ( reposición, alzada, etc..), examinado o seu contido se desprende a súa verdadeira finalidade impugnatoria xa que ao pretender se lle recoñeza a súa titulación e o dereito a participar na proba da oposición ( o que lle foi denegado polo Tribunal do proceso selectivo ao acordar que a interesada pasase a condición de excluída porque non acredita que cumpre os requisitos esixidos na Base 5ª das bases reguladoras do proceso selectivo (*Requisitos específicos mínimos contratacións*) Director/a, referida a titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao) e reservándose o dereito, en caso de resolución desfavorable, de pasar o asunto ao correspondente tribunal contencioso administrativo, reflicte que atopámonos ante unha auténtica impugnación do acordo do tribunal seleccionador polo cal a natureza de tal escritos é a de recurso administrativo, que procede cualificarse como RECURSO DE ALZADA, posto que de seu contido se deduce este verdadeiro carácter en aplicación do disposto no artigo 115.2 da LPACAP, que introduce o principio pro actione no réxime de recursos administrativos, ao

3

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

**DECRETO**  
Número: 2024-3693    Data: 03/12/2024

Cod. Validación: 6NLYQM6NF95STCMSD27X3QX9P  
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesitona esPublico | Páxina 3 a 5





## Concello do Porriño

establecer que o erro ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

2. Dito o anterior o RECURSO DE ALZADA formulado pola Sra. BLANCO LAGO está interposto por persoa lexitimada e dentro de prazo, consonte ao establecido nos artigos 4, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

3. O prazo que ten este Concello para resolver e notificar a resolución do recurso de reposición é de tres mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo LPACAP, de xeito que unha vez transcorrido o devandito prazo sen que haxa recaído resolución, se poderá entender desestimado.

4. Contra a resolución do recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 do citado texto legal.

5. Conforme dispón o artigo 121 da LPACAP, o recurso de alzada interposto lle corresponde resolvelo ao Sr. Alcalde por ser o órgano que nomeou o presidente e demais membros do Tribunal cualificador do proceso de selección.

## II. FONDO

En canto ao fondo do citado recurso de alzada, os argumentos utilizados no mesmo (e que substancialmente foron os mesmos que empregou na súas reclamacións previas) non ofrecen mérito bastante para acceder ao solicitado por canto que no desvirtúan os razoamentos que o Tribunal de selección empregou para desestimar aquelas reclamacións nin os empregados para propoñer a desestimación do recurso de alzada que agora se resolve e que constan nos antecedentes desta resolución.

Polo exposto, de conformidade co informe proposta do Tribunal seleccionador que consta no expediente e consonte ao disposto artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta Alcaldía,

## RESOLVE

**Primeiro.-** DESESTIMAR o citado recurso de alzada interposto por don Dona María Esmeralda Blanco Lago polos motivos expostos no informe proposta do Tribunal selección transcrito no antecedente sexto deste decreto.

**Segundo.-** Notificar esta resolución ao recorrente e publicala na Sede Electrónica, no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org). facéndolles saber que contra a devandita resolución, que pon fin a vía administrativa, poderán interpoñer os seguinte *recursos*:

Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

4

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

DECRETO  
Número: 2024-3693  
Data: 03/12/2024

Cod. Validación: 6NLYQM8NF55TCM5SD27X3QX9P  
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





Concello do Porriño

Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non poderá interpoñerse novo recurso administrativo contra a resolución do recurso de alzada, agás o extraordinario de revisión cando proceda.

**ASÍ O MANDA E ASINA DIXITALMENTE NO PORRIÑO NA DATA INDICADA Á MARXE**

**DECRETO**  
Número: 2024-3693 Data: 03/12/2024

Cod. Validación: 6NLYQW6NF955TCMSD27X3QX9P  
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

5

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



